



ACTA SELECCION ENCARGADO BRIGADA PREVENCION INCENDIOS 2018.

En Pontecesures, a 19 de xuño de 2018; sendo as 09.15 h. reunido na Casa do Concello de Pontecesures o órgano de selección para cubrir o posto de encargado da Brigada Antincendios, formado pola Secretaria do Concello D^a. Andrea Serrano Rodriguez, que actuará de Presidenta deste tribunal; polo Técnico de Xuventude do Concello, D. Francisco Freiría Oliveira, que actuará de vogal; e polo Técnico de Emprego D. José Rodríguez Fructuoso, que actuará de vogal e secretario.

Estableceuse primeiramente unha ficha de datos persoais que cada un/unha dos/das aspirantes ten que cumprimentar, así como posteriormente a elaboración dun baremo baseado na situación persoal dos candidatos/as.

I^o) Iniciado o acto ás 09.30 h. procédese a realizar as correspondentes entrevistas para o posto de Encargado/Capataz da Brigada entre todas aquelas persoas candidatas que, de conformidade coa oferta remitida pola oficina de emprego de Vilagarcía de Arousa, presentándose: Antonio Gallego Conde; Pablo García Torres; Rubén Pardal Gómez, e Eva M^a Recouso Piñeiro.

Non se presentou Oscar Santomé García.

Seguidamente os catro aspirantes cubriron a ficha de datos persoais, para a continuación proceder á realización dunha entrevista persoal con cada un deles. Concluída a entrevista e realizado o baremo, a puntuación obtida polos/as aspirantes foi a seguinte:

Rubén Pardal Gómez.....	4.15 puntos.
Eva M^a Recouso Piñeiro.....	3.25 “
Antonio Gallego Conde.....	3.17 “
Pablo García Torres.....	1.80 “

Tendo en conta o anteriormente exposto, resulta proposto a ser contratado por este órgano de selección, no caso de superar as probas físicas: Rubén Pardal Gómez.

Este tribunal entende que, caso de renuncia dalgún dos anteriores candidatos propostos, as vacantes cubriranse pola orden de puntuación que figura nesta acta.

De todo o cal esténdese a presente acta que en mostra da súa conformidade asinan os membros do tribunal.

Asdo.-Andrea Serrano Rodríguez.

Asdo.- Francisco Freiría Oliveira.

Asdo.- José Rodríguez Fructuoso.